



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 30 DE MARZO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL
MAGDALENA PEREZ VILLAR
JESUS ROMERO CARRACELAS
ERMITAS GARCIA RIOS
LUIS RUBIDO RAMONDE
ESTEBAN BLANCO GARROTE
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia os concelleiros:
MANUEL MARTINEZ LOPEZ
MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 20:13 horas do día 30 de marzo de 2023, reúnense os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020. Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,



aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DO PLENO ORDINARIO DE DATA 13.02.2023 E DO EXTRAORDINARIO DE DATA 06.07.2022

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións do pleno ordinario realizado o 13.02.2023 e do pleno extraordinario realizado o 06.07.2022.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación das actas do pleno ordinario de data 13.02.2023 e do extraordinario de data 06.07.2022, resultando APROBADAS por sete (7) votos a favor, seis (6) do PSdeG-PSOE e un (1) do BNG, e catro (4) abstencións do PP.

2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. REX 3-2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 07.03.2023 corrixida pola Proposta da Alcaldía de data 27.03.2023, que di:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presupuesto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos do ano anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que, de non tramitar as facturas se trataría dun enriquecemento inxusto para a Administración, pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que, pola urxencia nos gastos, se fixeron efectivos.

Por todo iso proponse ao Pleno, para a súa aprobación, se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente **REX3-2023**

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 17 rexistros e un importe total de VINTESETE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E SETE



EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS DE EURO (27.457,24€), nos termos que se detallan a continuación:

NºRX	NºFRA	DATA FRA	CIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2022/3645	CA/11/2022	23/12/2022	05222034E	URRUTIA BEATO ANDRES	FRA CLASES DICIEMBRE	334	22799	919,60 €
F/2022/3652	2022_UTE_12_01	30/12/2022	U67832865	UTE MERAK CR SL CARPINTERIA METALICA FERREIRO SL	LIQUIDACIÓN FINAL DE OBRA (DICIEMBRE 2022) - EXPEDIENTE 2019/C003/000006 - CÓDIGO OBRA DIPUTACIÓN PROVINCIAL 20.2200.022	1532	61900	22.033,22 €
F/2022/3653	HI22-000015677	22/12/2022	A80907397	VODAFONE ESPAÑA SAU	Total servicio (jorge.vidal@cedeira.es https://webservice.face.gob.es/facturasspp)	341	22200	191,66 €
F/2022/3654	Emit-2022 344	23/12/2022	J15844103	CLINICA FISIOTERAPIA PENAMOURA SC	Sesión Gimnasia Terapéutica y Educación para la salud. Diciembre 2022.	231	22799	900,00 €
F/2022/3655	9003791870	30/12/2022	B46001897	THYSSEN KRUPP ELEVADORES SLU	POR EL SERVICIO DE MANTENIMIENTO DEL NUMERO DE APARATOS INDICADOS Dirección de Instalación: CL/REAL ,15 - Cedeira Period	920	21302	242,97 €
F/2022/3656	220001596	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	MASTER PASTA CICATRIZANTE SIPCAM 250GR	171	22199	43,00 €
F/2022/3657	220001598	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	F. JIMTEN: ENTRONQUE MACHO 63MM.	450	22199	17,80 €
F/2022/3658	220001597	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	COPIA LLAVE CASA (NORMAL)	450	22199	4,20 €
F/2022/3659	202200 27	29/12/2022	B42916080	BRULAR GESTION SL	MONITOR DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS (MES DE DICIEMBRE PERIODO DEL 1 AL 31 DE DICIEMBRE)	341	22799	2.746,70 €
F/2022/3660	220001599	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	RHODIUS. XT70 DISCO CORTE INOX (115X1) LATA / JAZ. CEPILLO MANUAL SPID METALICO M/ROJO MC01 LTDO.	165	22199	16,20 €
F/2022/3661	220001600	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	CASCOO. EMILY 30MM AGUJERO PASANTE 8MM 18H0430 / CASCOO. EMILY 30MM AGUJERO PASANTE 8MM 18H0430	450	22199	2,59 €
F/2022/3662	220001601	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	PLASTICO BLANCO 04M. ANCHO (ROLLO 90M) / COLLAK. SELLADOR POLIMERO MS20 BLANCO 300ML.	341	22199	12,90 €
F/2022/3663	220001604	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	ELEC. CURVA TUBO AISCAN GRIS 20MM.X3M. / F. PVC. GRAPA DESACLAC SIMPLE 20-22MM.	341	22199	27,71 €
F/2022/3664	220001602	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	CEGASA. PILA SUPER ALCALINA LR03 AAA 4UU.	341	22199	8,80 €
F/2022/3665	220001603	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	3L.GUANTE NITRILO UNIGRIP BK (50UD) T.M / 3L.GUANTE NITRILO UNIGRIP BK (50UD) T.L	450	22199	37,00 €
F/2022/3666	220001605	30/12/2022	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SEVERIANO. CEREAL MAIZ GRANO 40KG.	450	22199	79,21 €
F/2022/3667	A22 22291	30/12/2022	B70249354	CORPLAMA SLL	M/2.ACERA ABUJARDADO BLANCA 30X30 (P=17.00) / PALET CARGO / GUANTES NEGRO/ NARANJA T-8,9,10 STOCK D. PLUS	450	22199	173,68 €
							TOTAL	27.457,24 €



Terceiro.- Recoñecer e liquidar a obriga correspondente, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización das facturas correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos REX3-2023. Dar traslado aos servicios municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por dous (2) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do BNG (1), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. RECOÑECIMIENTO ESTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. REX 4-2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.03.2023 corrixida pola Proposta da Alcaldía de data 27.03.2023, que di:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presupuesto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal de data 06/03/2023 polo trámite de facturas e gastos do ano anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que, de non tramitar as facturas se trataría dun enriquecemento inxusto para a Administración, pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que, pola urxencia nos gastos, se fixeron efectivos.

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente **REX4-2023**

Segundo.-O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 3 rexistros e un importe total de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (2.694,87€), nos termos que se detallan a continuación:



NºRX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/29	1 1000003	02/01/2023	B39755590	BANYAN CLEAN SL	25 TUBOS LED 18W 840 / 25 TUBOS LED 9W 840	165	22199	1.027,23 €
F/2023/333	AP 2023 - 33	14/02/2023	B70232012	ATLANTIC PONTE 2000 SLU	10_XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO DE LECER XUVENIL	337	22799	1.328,64 €
F/2023/7673		14/03/2023	76404594C	FREIRE VILLAR, Mª Carmen	FRA FLORISTERIA 2021-22-23	912	22601	338,80 €
							TOTAL	2.694,67 €

Terceiro.- Recoñecer e liquidar a obriga correspondente, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización das facturas correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos REX4-2023. Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por dous (2) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do BNG (1), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2022. MC 03 2023 SC 01 2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.03.2023 corrixida pola Proposta da Alcaldía de data 27.03.2023, que di:

“De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ampliarse. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2022, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 65/2022, do 08 de febreiro de 2022, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.857.949,93 euros.



Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para o crédito previsto é insuficiente (suplemento de crédito) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA		DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRIPCIÓN
920	62300	Administración xeral. Instalacións técnicas	SC	14.399,00	Suministro, fabricación e colocación marquesina/cuberta de entrada a auditorio
1532	61900	Vías públicas. Outras inversións de reposición de infraestruturas	SC	18.106,75	Arranxo barandilla de forxa subida a Piñeiro
920	62300	Administración xeral. Instalacións técnicas.	SC	2.847,06	Trafo illado auditorio
341	22799	Protección e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	50.000,00	Monitorado e realización de cursos deportivos.
334	22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	20.000,00	Realización de diversas actividades culturais ao longo do ano.
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	40.000,00	Actos para a celebración das festas do municipio
454	61900	Camiños veciñais. Outras inversións de reposición de infraestruturas	SC	45.000,00	Aglomerado de pistas
TOTAL				190.352,81	

Visto que o presente expediente de suplemento de crédito finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2022, por importe total de 190.352,81 euros.

Visto o informe favorable de Intervención de data 22 de marzo de 2023.

Sobre a base de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRIPCIÓN
920	62300	Administración xeral. Instalacións técnicas	SC	14.399,00	Suministro, fabricación e colocación marquesina/cuberta de entrada a auditorio
1532	61900	Vías públicas. Outras inversións de reposición de infraestruturas	SC	18.106,75	Arranxo barandilla de forxa subida a Piñeiro
920	62300	Administración xeral. Instalacións técnicas.	SC	2.847,06	Trafo illado auditorio
341	22799	Protección e fomento do deporte.	SC	50.000,00	Monitorado e realización de



		Outros traballos realizados por outras empresas			cursos deportivos.
334	22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	20.000,00	Realización de diversas actividades culturais ao longo do ano.
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	40.000,00	Actos para a celebración das festas do municipio
454	61900	Camiños veciñais. Outras inversións de reposición de infraestruturas	SC	45.000,00	Aglomerado de pistas
TOTAL				190.352,81	

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2022	190.352,81
	TOTAL	190.352,81

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por dous (2) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por dez (10) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do PP (4), e unha (1) abstención do BNG, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2022. MC 04 2023 CE 01 2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.03.2023 corrixida pola Proposta da Alcaldía de data 27.03.2023, que di:



“De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son créditos extraordinarios aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para as que non existe crédito. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2022, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 121/2023, do 16 de marzo de 2023, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.857.949,93 euros.

Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito (crédito extraordinario) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRIPCIÓN
920 60900	Administración xeral. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	10.871,85	Obra civil previa para colocación de marquesina/cuberta de entrada a auditorio
341 63100	Protección e fomento do deporte. Terreos	CE	259.000,00	Novo césped campo municipal do Beco
163 62300	Limpeza viaria. Maquinaria	CE	4.250,00	Hidrolimpadora
171 62300	Parques e xardíns. Maquinaria	CE	2.190,00	Dúas desbrozadorass
432 60900	Información e promoción turística. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	18.000,00	Xacemento arqueolóxico Campo do Castro
341 46100	Protección e fomento do deporte. Transferencias correntes a Deputacións	CE	7.500,00	Convenio Diputación Campeonato de Volei praia
342 60900	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	70.000,00	Construción de pista deportiva.
342 63500	Instalacións de ocupación do tempo libre. Mobiliario	CE	2.178,00	80 uds asientos campo de fútbol municipal
161 60900	Saneamento. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	12.000,00	Saneamento en Mosende
334 62200	Promoción cultural. Edificios e outras construcións	CE	18.000,00	Acondicionamento do Palacete Municipal para a exposición do museo “Terras de Cedeira”
TOTAL			403.989,85	

Visto que o presente expediente de crédito extraordinario finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2022, por importe total de 403.989,85 euros.

Visto o informe favorable de Intervención de data 22 de marzo de 2023.

Sobre a base de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRIPCIÓN
920	60900	Administración xeral. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	10.871,85	Obra civil previa para colocación de marquesina/cuberta de entrada a auditorio
341	63100	Protección e fomento do deporte. Terreos	CE	259.000,00	Novo césped campo municipal do Beco
163	62300	Limpeza viaria. Maquinaria	CE	4.250,00	Hidrolimpadora
171	62300	Parques e xardíns. Maquinaria	CE	2.190,00	Dúas desbrozadoras
432	60900	Información e promoción turística. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	18.000,00	Xacemento arqueolóxico Campo do Castro
341	46100	Protección e fomento do deporte. Transferencias correntes a Deputacións	CE	7.500,00	Convenio Diputación Campeonato de Volei praia
342	60900	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	70.000,00	Construción de pista deportiva.
342	63500	Instalacións de ocupación do tempo libre. Mobiliario	CE	2.178,00	80 uds asientos campo de fútbol municipal
161	60900	Saneamento. Outras inversións novas en infraestruturas	CE	12.000,00	Saneamento en Mosende
334	62200	Promoción cultural. Edificios e outras construcións	CE	18.000,00	Acondicionamento do Palacete Municipal para a exposición do museo "Terras de Cedeira"
TOTAL				403.989,85	

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2022	403.989,85
	TOTAL	403.989,85

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."



A Comisión, por dous (2) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: Unha pregunta. Aí figura unha pista deportiva de 70.000€. Onde vai ubicada? Cal é?

O Sr. Alcalde di: Hai unha demanda social do que é ter unha pista polideportiva de fútbol sala e pista multideporte. Tendo en conta que esperemos que se consiga traer a tan ansiada piscina, a cal é demanda de todo o pobo e que se colocaría entre a piscina actual e as pistas de pádel, quedaríamos sen esa pista, co cal estamos intentando ter un diñeiro para poder facer unha pista. Unha das ideas que nosoutros temos sería colocala cerca de onde está o Chiringuito de madeira. Cando se fixeron os primeiros orzamentos participativos falouse de poñela por alí, xusto ó lado do parque de calistenia. É outra das propostas que están baraxando dende o instituto. A través dos orzamentos participativos os alumnos de 3º da ESO, que aínda que teñen 20.000 €, tamén nos están falando diso. Digamos que deixamos o diñeiro aí por si no momento se deciden eles a apostar por iso ou se segue habendo esta demanda de facerse. Sería unha pista multideporte. No seu momento, a Xunta de Galicia, o ano pasado tiña un plan a través do cal dotou a varios concellos de este tipo de instalacións, pero era para os colexios. É dicir, dotaba dunha cantidade económica ós concellos, despois o concello o sacaba a licitación, pero tiña que ser para facer no colexio. No colexio, na pista interior, non se vai a facer, e na pista exterior xa teñen unha que quedou bastante ben, que está ó aire libre, e que é a que queda contra a praia e as dunas. Eu penso que aí habendo esa, sería un erro meter unha pista coma esta.

O Sr. Rubido Ramonde di: Na parte norte do polideportivo non sei o que hai actualmente, pero antes ubicábanse alí vehículos embargados. Aí, nese espazo, tiñades que mirar se realmente collería unha pista polideportiva, ademais que sería atendida por persoal do polideportivo. Medindo no SIGPAC creo que hai espazo aí.

O Sr. Alcalde di: En primeiro lugar agradezo as suxestións e todo o que nos acabas de dicir. A idea de facela no paseo non é que sexa unha idea definitiva. Se os rapaces do instituto e dos orzamentos participativos, e co beneplácito de toda a Corporación, porque teremos un Pleno para iso o 5 de maio, e aínda non se sabe se será ese e se eles elixirían o espazo...Estas pistas si que as hai que teñen o chan de formigón e outras coma se foran de céspede artificial. E no polideportivo, onde dis, non sei se colle alí detrás. Estráñame porque unha pista polideportiva ocupa bastante de ancho. O que si, por exemplo, onde está o ximnasio, si que temos a idea de ampliar un pouquiño unha esquina do ximnasio actual. A que da contra o campo de fútbol. E iso ímolo presentar para unha liña de subvencións que sacou agora a Xunta de Galicia, a libre concorrência, para ver se o podemos meter por aí. A subvención, o máximo que che poden dar, son 50.000 €. Este tema da pista multideporte tamén sería cuestión de falalo entre todos e chegar a un acordo. Neste sentido non temos ningún problema. O que si espero é que sexa unha idea que nos guste a todos e que poidamos charlar e dialogar sobre onde sería o mellor sitio para colocala.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por dez (10) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do PP (4), e unha (1) abstención do BNG, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.



6. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.03.2023, que di:

“O Pleno do Concello de Cedeira aprobou inicialmente en sesión de data 27 de marzo de 2013 a Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal e sen que se produciran reclamacións durante o prazo de exposición pública con data 10.06.2013, BOP nº 109, publicouse a aprobación definitiva. Dita Ordenanza constitúe o marco a través do cal a Administración municipal concreta, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, o compromiso para desenvolver a implantación da Administración electrónica, de acordo coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e demais normativa na materia.

O impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, obriga a adaptar ás mesmas as Ordenanzas e Regulamentos locais en materia de Administración electrónica.

Desde o punto de vista do cidadán, recoñécense unha serie de “dereitos das persoas”, o máis importante dos cales é o da libre elección da canle a través do cal se relacionan coa Administración, canle que obrigatoriamente deberá ser o electrónico para o caso de persoas xurídicas e determinadas persoas físicas.

A Administración, pola súa banda, debe implantar os mecanismos para facer efectivos aqueles dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o Rexistro é electrónico e único; o expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tramitados e asinados electronicamente; o arquivo, filtrado polo Esquema Nacional de Seguridade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren.

Desde o punto de vista da tramitación destes expedientes, a clave é a firma electrónica, debendo dispor dun certificado de firma todos os empregados públicos que teñan algunha responsabilidade na tramitación do procedemento, ben para asinar, stricto sensu, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa firma electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente. A necesidade de adaptación ás novas leis de procedemento e réxime xurídico, así como de protección de datos e transparencia, xustifican a necesidade da aprobación da presente ordenanza, segundo o novo modelo de Ordenanza de Administración Electrónica remitida desde a Deputación de A Coruña, conforme a recomendación da FEMP sobre a regulamentación do procedemento administrativo común electrónico na Administración local a través dunha ordenanza municipal, en aplicación das Leis 39/2015 e 40/2015, cuxo texto se incorpora como anexo.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal en data 21 de marzo de 2023.



Ao abeiro do previsto nos artigos 22.2 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Cedeira, que se incorpora como Anexo.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados durante un prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO.- Simultaneamente, publicarase o texto do proxecto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos os trámites relacionados co presente expediente.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.

En Cedeira, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

ANEXO

ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CEDEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, obriga a adaptar ás mesmas as Ordenanzas e Regulamentos locais en materia de Administración electrónica.

Son numerosos os cambios que se produciron durante as últimas décadas na regulación do procedemento administrativo coa introdución paulatina da Administración electrónica.

Desde o punto de vista do cidadán, recoñécense unha serie de “dereitos das persoas”, o máis importante dos cales é o da libre elección da canle a través do cal se relacionan coa Administración, canle que obrigatoriamente deberá ser o electrónico para o caso de persoas xurídicas e determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa é outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase en numerosos preceptos como a posibilidade de presentar unha declaración responsable onde anteriormente se necesitaba unha solicitude, ou o dereito a non presentar ningún documento que se orixine en calquera Administración pública.

Desde o punto de vista da Administración, ante todo debe implantar os mecanismos para facer efectivos aqueles dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o Rexistro é electrónico e único; o expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tramitados e asinados electronicamente; o arquivo, filtrado polo Esquema Nacional de Seguridade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren.

Desde o punto de vista da tramitación destes expedientes, a clave é a firma electrónica, debendo dispor dun certificado de firma todos os empregados públicos que teñan algunha responsabilidade na tramitación do procedemento, ben para asinar, stricto sensu, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa firma electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

En definitiva, a necesidade de adaptación ás novas leis de procedemento e réxime xurídico, así como de protección de datos e transparencia, xustifican a necesidade da aprobación da presente ordenanza.



TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

1. A presente Ordenanza ten como obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa do Concello de Cedeira e cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

2. Para ese efecto, esta Ordenanza regula as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.

3. Así mesmo, esta Ordenanza establece os principios reguladores da incorporación dos trámites e dos procedementos administrativos municipais á tramitación por vía electrónica.

4. A presente Ordenanza dítase ao amparo da potestade regulamentaria e da autoorganización municipal recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e en virtude do artigo 70.bis 3 da citada norma.

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo.

1. Esta Ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que, de aquí en diante, serán denominadas conxuntamente como Concello:

- Os órganos administrativos integrantes do Concello de Cedeira.
- Os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste.
- As sociedades mercantís e outras entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes daquel, cando exerzan potestades administrativas e naqueles contidos desta Ordenanza que especificamente se refiran a as mesmas.

2. Así mesmo, aplicarase aos adjudicatarios de contratos de xestión de servizos públicos municipais, cando así o dispoñan os pregos de licitación ou outros documentos contractuais, nas súas relacións co Concello e cos usuarios e a cidadanía, no marco da prestación de servizos públicos correspondentes.

3. Esta Ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía, entendendo por tal a quen teñan capacidade de obrar ante as Administracións públicas, cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións co Concello e co resto de entidades referidas ao apartado uno.

Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo.

1. Esta Ordenanza aplicarase ás actuacións en que participe o Concello e, concretamente ás seguintes:

- As relacións coa cidadanía que teñan carácter xurídico administrativo.
- A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder do Concello.
- A realización dos trámites e procedementos administrativos, de conformidade co que prevé esta Ordenanza.
- O tratamento da información obtida polo Concello no exercicio das súas potestades.

2. Os principios xerais contidos nesta Ordenanza son aplicables, así mesmo, ás comunicacións da cidadanía non sometidas ás normas do procedemento administrativo, e de maneira especial a comunicación de avisos e de incidencias, a presentación de reclamacións e queixas, a formulación de suxestións, a realización de preguntas aos órganos locais e as peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.

3. O Concello garantizará o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos a través dun sistema de varias canles que conte, polo menos, cos seguintes medios:

- Oficinas de atención presencial que se determinen, as cales poñerán á disposición da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos na presente Ordenanza, debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúen ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.
- Puntos de Acceso Xeral Electrónico aos distintos órganos do Concello e os seus entes vinculados ou dependentes, dispoñibles para a cidadanía a través de redes de comunicación.
- Servizos de atención telefónica que, na medida en que os criterios de seguridade e as posibilidades técnicas permítano, faciliten á cidadanía o acceso ás informacións e servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 4. Principios xerais.

1. O Concello, e os seus entes dependentes, deberán respectar na súa organización, a súa actuación e as súas relacións co resto de entidades do sector público e coa cidadanía, os principios enumerados no Artigo 3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



2. Así mesmo, a fin de reforzar, desenvolver e pormenorizar a nivel local a implantación do procedemento administrativo electrónico, deberán actuar conforme os principios que se enumeran nos artigos seguintes.

Artigo 5. Principios organizativos da administración electrónica.

a. Principio de servizo á cidadanía.

Que obriga a impulsar o acceso electrónico á información, os trámites e os procedementos administrativos, para posibilitar a consecución máis eficaz dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

b. Principio de simplificación administrativa.

Cuxo obxectivo é alcanzar unha simplificación e integración dos procesos, procedementos e trámites administrativos, e de mellorar o servizo á cidadanía, aproveitando a eficiencia que comporta a utilización de técnicas de administración electrónica, en particular eliminando todos os trámites ou as actuacións que se consideren non relevantes e redeseñando os procesos e os procedementos administrativos, de acordo con a normativa aplicable, utilizando ao máximo as posibilidades derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.

c. Principio de impulso de medios electrónicos.

Que obriga a impulsar decididamente o uso efectivo dos medios electrónicos no conxunto das súas actividades e, en especial, nas relacións coa cidadanía.

d. Principio de neutralidade tecnolóxica.

Que garante a realización das actuacións reguladas nesta Ordenanza, con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, de maneira que sexan a mesma evolución tecnolóxica e a adopción das tecnoloxías dentro da sociedade as que determinen a utilización dos medios tecnolóxicos que, en cada momento, sexan máis convenientes, evitando especialmente concertacións co sector privado que se afasten do interese xeral. E de forma particular, a promoción do uso de software de código aberto na administración electrónica.

e. Principio de interoperabilidade.

Que garante a adopción dos estándares de interoperabilidade e velarán, respectando criterios de seguridade, adecuación técnica e economía de medios, para que os sistemas de información utilizados sexan compatibles e recoñezanse cos da cidadanía e os doutras Administracións.

f. Principio de confidencialidade, seguridade e protección de datos.

Que garante a protección da confidencialidade e seguridade dos datos da cidadanía, de conformidade cos termos definidos na normativa sobre protección de datos e nas outras normas relativas á protección da confidencialidade dos datos. Serán obxecto de especial protección os datos persoais dos cidadáns e as cidadás contidos na información que usen en común os diferentes órganos e departamentos do Concello.

g. Principio de transparencia.

Que obriga a facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia da información que conste nos seus arquivos e das actuacións administrativas, de conformidade coa lexislación sobre transparencia do sector público e o resto do ordenamento xurídico, así como cos principios establecidos na presente Ordenanza.

h. Principios de eficacia, eficiencia e economía.

Estes principios presidirán a implantación dos medios electrónicos que, en particular, realizarase segundo os seguintes criterios:

- O impacto e a utilización por parte da cidadanía dos servizos municipais afectados.
- Os colectivos de poboación aos que se dirixe.
- As melloras alcanzábeis para a prestación do servizo.
- A integración dos sistemas de relación coa cidadanía, co resto da organización municipal e cos seus sistemas de información.
- O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido.
- A madurez e dispoñibilidade das tecnoloxías.

i. Principio de cooperación.

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión, establecendo convenios, acordos e contratos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración.

j. Principio de participación.

Que obriga a promover o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos de participación, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de queixas, reclamacións e suxestións, así como o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, respectando en calquera caso os principios de boa fe e de utilización responsable.



Artigo 6. Principios de difusión da información administrativa electrónica.

a. Principio de accesibilidade e usabilidade.

Que garante:

- O uso de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese cidadán, de maneira rápida, segura e comprensible.
- A comprensión dos actos e documentos administrativos utilizando, na medida do posible, unha linguaxe fácil e culturalmente accesible de modo que estes documentos queden intelectualmente ao alcance da maioría de persoas.
- A posta á disposición dos cidadáns e as cidadás con discapacidades ou con dificultades especiais dos medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.

b. Principio de exactitude da información que publique o Concello.

Que garante, no acceso á información de forma electrónica, a obtención de documentos co contido idéntico, veraz, exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou no soporte en que se emitiu o documento orixinal. A dispoñibilidade da información en forma electrónica non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

c. Principio de actualización.

Que garante a actualización da información administrativa que sexa accesible por canles electrónicas.

d. Principio de garantía de protección de datos de carácter persoal.

Que obriga a aproveitar a tecnoloxía dispoñible en cada momento para garantir os dereitos inherentes á protección dos datos persoais, garantindo as medidas de seguridade que impidan calquera trazabilidade persoal non amparada pola finalidade ou o consentimento.

e. Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto.

Que garante:

- O acceso á información administrativa que, de conformidade coa lexislación vixente, sexa de acceso xeral, sen esixir ningún tipo de identificación previa.
- A gratuidade da información que, de acordo coa lexislación vixente, sexa considerada información pública e xeral, sen prexuízo do previsto nas ordenanzas fiscais.

Artigo 7. Principios de acceso electrónico da cidadanía ao procedemento administrativo.

a. Principio de legalidade.

Que asegura o mantemento da integridade das garantías xurídicas da cidadanía establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

b. Principio de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos.

Que impide que o uso dos medios electrónicos comporte discriminación ou prexuízo para quen os use nas súas relacións co Concello.

c. Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos.

Que obriga a levar a cabo as accións necesarias para establecer sistemas e procedementos adecuados e comprensibles de trazabilidade, que permitan á cidadanía coñecer en todo momento, e a través de medios electrónicos, as informacións relativas ao estado da tramitación e o historial dos procedementos e documentos administrativos.

d. Principio de intermodalidad de medios.

Conforme ao cal e nos termos previstos nesta Ordenanza e as súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderá continuarse por outro diferente, a condición de que se asegure a integridade e seguridade xurídica do conxunto do procedemento.

e. Principio de proporcionalidade.

Que garante:

- Que só se esixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e circunstancias dos diferentes trámites e actuacións.
- Que unicamente se requirirán á cidadanía os datos que sexan estritamente necesarios en consideración á finalidade para a que se soliciten.

Artigo 8. Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica.

a. Principio de cooperación e de colaboración interadministrativas.

O Sr. Alcalde di: Nós tamén pensamos un pouco o mesmo que os dous portavoces. Por un lado é necesario aprobar esta ordenanza. Pero, por outro lado, tamén é certo que cada vez a poboación está máis envellecida. Sobre todo estamos envellecendo aquela xente que non tivo acceso á informática. A miña xeración, por exemplo, xa tivemos acceso. Eu vou cumprir 50 anos e o primeiro ordenador que encendín foi en 3º da facultade. E hai que ter en conta todo iso. Si que é certo, como di Luís, que hai poñer en marcha mecanismos dende o concello que axuden a paliar esas carencias. Xa se estiveron facendo no seu momento cursos para persoas que lles costara un pouco a aprendizaxe. Tamén se estiveron dando charlas, e penso que se teñen que seguir dando, ás asociacións, porque cambian moito de directiva. É importante intentar poñer tódolos recursos dende o concello para intentar axudar a que haxa ese equilibrio entre ambas accións. Así que coincido totalmente con vós e penso que os razoamentos que fixéchedes foron moi acertados.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu penso que non se trataría só de facer cursos. Senón de eximir a determinadas idades de todo ese papeleo que poñen ás veces. Houbo un tempo en que os funcionarios non tiñan problema en cubrir os impresos á xente maior e con dificultades. Hoxe se lles manda a unha asesoría para que llo cubran. Penso que habería que rescatar esa cultura de antes.

O Sr. Alcalde di: Iso xa vai na educación de cada un. Son cousas que se pasan no concello ou noutra Administración, a verdade é que me rebentan, cando vai unha persoa que, aínda sen ser maior, non ten a destreza de hai 30 anos, e que non haxa un funcionario da Administración Pública disposto a axudarlle a cubrir esa documentación, como ben dis. Eu cando me refería ao tema de cursos era principalmente polas asociacións que teñen que dirixirse desta maneira ás Administracións. Non dicía que fora a única forma exclusiva. Como ben dis tamén ten que partir un pouco da humanidade que temos cada un á hora de tramitar as cousas. Iso, por suposto.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por dez (10) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do PP (4), e unha (1) abstencións do BNG, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.



7. APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.03.2023, que di:

“O Concello de Cedeira adheriuse o 16 de xuño de 2021 ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Con data 30.03.2022, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, en virtude do establecido no devandito Convenio de Colaboración, remitiu ao Concello o borrador Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cedeira, elaborado por Seaga en xaneiro de 2022, xunto coas claves de acceso ao visor público.

O Concello de Cedeira solicita con data 04.08.2022 a emisión do informe preceptivo e de carácter vinculante sobre o devandito Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cedeira, elaborado por Seaga, unha vez recibido, revisado e conforme co mesmo, tal e como se establece no artigo 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Con data 25.08.2022 (rex de entrada nº 20220000002853) a Dirección Xeral de Defensa do Monte remite o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cedeira (que se envía mediante correo electrónico) e o informe preceptivo e de carácter vinculante sobre o devandito plan, asinado polo Director Xeral de Defensa do Monte.

Considerando o previsto no artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia no que se establece que corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo ao previsto na devandita Lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencias municipais, segundo o previsto na lexislación galega de emerxencias.

Considerando que en relación ao procedemento de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que a dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plan municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación, constando informe preceptivo e con carácter vinculante de data 24.08.2022.

Visto o Informe de Secretaría de data 20.03.2023.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cedeira, elaborado por Seaga en xaneiro de 2022.



SEGUNDO.- Someter a información pública o Plan aprobado inicialmente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo dun mes, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello (<https://sede.cedeira.gal>).

Se transcorrido o prazo de información pública non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente e publicarase anuncio no Boletín Oficial da Provincia.”

A Comisión, por dous (2) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

8. MOCIÓN DO BNG SOBRE A RETIRADA DO POEM

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de marzo de 2023, que di:

“Vista a Moción presentada pola portavoz do grupo municipal do BNG en data 22.03.2023, que di:

“Exposición de motivos:

O BOE vén de publicar o pasado 4 de marzo os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporá a perda de miles de postos de traballo nun sector clave da nosa economía como é a pesca, no que sería o maior ataque histórico á pesca e os ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, e o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar).

O Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supón a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética de Madrid.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptábel prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, unha plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade pesqueira.

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociacións ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Compre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou unha resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar



libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009 que Galiza ficase libre de eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moitos dos nosos veciños e veciñas, e non podemos permitir que o lobby eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co replantexamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.

Diante dunha agresión sen precedentes á nosa pesca, lamentablemente a Xunta de Galiza, en vez de encabezar a defensa do noso sector pesqueiro, está a poñerse de perfil, cun silencio cómplice.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a unha economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serras e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O lobby eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aeroxeneradores da eólica mariña do Estado. Basta xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.

O noso Concello, a nosa costa, a nosa flota, o noso sector produtivo vinculado ao mar, toda a veciñanza do noso pobo estamos directamente afectados pola previsión de instalación do parque eólico Nordés, de eólicos marítimos, de muíños aquí ao lado. Tanto a confraría e os grupos políticos representados neste pleno como veciñas e veciños acabamos de manifestarnos fronte á Delegación do goberno na Coruña, rexeitando estas instalacións e cremos que debemos facelo constar a través desta moción e da súa remisión aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do **seguinte ACORDO**:

1.Instar ao goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro. E a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

2.Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólicamariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

3.Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña

4.Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.”



Polo Sr. Presidente se somete a consideración da Comisión Informativa de Plenos a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Comisión, incluíndose na orde do día.

A Comisión, por tres (3) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devantida proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. López Rodríguez di: Eu creo que pouco hai que defender de esta moción. É unha moción que está moi clara e moi ben explicada. Todos estivemos o outro día diante da Deputación en A Coruña e creo que a pesca xa o está pasando mal e non é o momento de facerllo pasar peor. Á pesca e a toda Cedeira en xeral. Sabemos que o que lle fai dano á pesca nolo fai a todos. O que dicimos está clarísimo na moción: para qué? Para que as grandes eléctricas se lucren máis, todavía. Todo nos cae a nós, pero beneficio ningún. Polo tipo de costa que temos ímolos ter pegados nos caladoiros onde saen todos os días a pescar. Me parece que é algo forte, desproporcionado e fora de lugar. Eu espero que ningún votemos en contra desta moción porque o estamos vivindo, o estamos vendo e temos que apoiar á pesca, á Confraría e a todos os sectores relacionados coa pesca. Temos que apoiar a Cedeira. É o que temos que facer.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós imos apoiar esta moción. Aínda que é un tema do que non estou debidamente informado, aínda que estou seguro de que isto vai dar moitas voltas. Non sei o compañeiro Esteban que quere dicir.

O Sr. Blanco Garrote di: Eu traballo no sector eólico, no tema dos aerogeradores, eu creo que para a zona de Galicia é prexudicial, e para Cedeira aínda máis. Eu “estou tirando pedras encima do meu tellado”, pero penso que é mellor ter unha reserva mariña e pesqueira boa, que muíños para deixar á xente sen traballo. Eu opino coma Luís e creo que o de Manoli está perfecto e toda a moción que fixo o BNG, e desde a miña parte penso que está ben facelo así.

O Sr. Alcalde di: Nós, por suposto que imos apoiar esta moción. Independentemente de que a todos nos toca nos veciños, nas rúas, nas familias... Na xente que vemos no día a día, tanto na nosa vila coma noutras vilas mariñeiras. Está claro que é un tema complexo porque todos queremos enerxía barata. Todos queremos unha industria que sexa competitiva. Todos queremos que non teñamos que depender de ninguén. Queremos depender de nós. Queremos cambiar esas emisións cancerixenas por pobos que estean limpos e que estean con aire limpo todo o día. Queremos que esas emisións de CO2 pasen a ser 0. E para todo iso sabemos que hai que ter renovables. Cando se fala de implementar estes parques para crear novos planes estratéxicos a min me da moita pena escoitar iso, porque qué plan estratéxico hai máis grande para Galicia que o sector de mar. Este sector é o plan estratéxico máis grande. E nunca, Galicia, se pode entender sen a pesca, sen o mar, e sen todo o que a rodea. Como dicías antes, Luis, é verdade que nos teñen un pouco faltos de información. Os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, veñen sendo algo que eles comparan coma se un concello fai un Plan Xeral. Como se eles determinan esas zonas onde din que son as especiais para poder instalar parques eólicos. É coma se, cando se faga un novo Plan Xeral, pois determínase onde vai ser o solo urbano. Porque eles din que aínda que se poña no POEM non significa que se vaian a facer... Non, que va!. E logo, onde se van facer?. Se no Plan Xeral poñes que o solo urbano está nunha zona está claro que que o proxecto tense que presentar e aprobar e será nesa zona. Se eles marcan esas zonas coma de alto volume en vento é precisamente porque saben que aí é onde se van a poder colocar. Entón imos a depender de que nos fagan estudos ambientais, ou estudos da pesca,



que se reúnan coas confrarías... penso que hai que establecer unha liña vermella con todo isto e creo que tanto en Cedeira coma en toda Galicia deben de preservar os dereitos da nosa costa e non convertírnos nun nicho para todo o país. Isto ten que ser regulado por todas as partes afectadas e me alegra moitísimo que estemos todos de acordo e darnos conta de que a loita continúa. Temos que facer fronte en todos os lados e apoiar á nosa xente que tanto nos deu no pasado para chegar hoxe a onde estamos e garantirlles ese futuro.

A Sra. López Rodríguez di: Todos estamos coas renovables, pero non de esta maneira e non así. E non sempre tocando ós mesmos. Iso non.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

9. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2022

Dáse conta ao Pleno do decreto de Alcaldía núm. 121/2023 de data 16.03.2023 que di:

“Expediente núm.: 2023/G003/000127

Asunto: Aprobación da liquidación do orzamento do ano 2022

DECRETO DE ALCALDÍA

Vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigos 89 a 105 do Real Decreto Lexislativo 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Regras 78 a 86 da Instrución de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004 e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Cedeira polo que respecta á liquidación do Orzamento.

Visto que con data 16 de marzo de 2023, emitíuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e do cumprimento da regra de gasto no que se indica que *“A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2022, incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010, e incumpre a regra de gasto.*

Non obstante, a este respecto compre sinalar que o Consello de Ministros, mediante Acordo do 26 de xullo de 2022, o cal foi ratificado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 24 de setembro de 2022, aprobou a suspensión das regras fiscais para o ano 2023. Isto implica que as administracións públicas non están sometidas durante o exercicio 2023 ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”.

Visto que con data 16 de marzo de 2023, foi emitido informe de Intervención da liquidación do orzamento do ano 2022, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.



Visto o resultado orzamentario do exercicio 2022 de 762.654,17 euros e o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 1.857.949,93 euros.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2022.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar a remisión telemática de dita Liquidación a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, da 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.”

O Pleno da Corporación queda enterado.

10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
000051/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2023
000052/2023	DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA (EXPTE 2019/U026/000166)
000053/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-5
000054/2023	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 178/2022, JAIME CORCUERA RODRIGUEZ E MARIA ALMUDENA ESCORIAL AYUSO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000055/2023	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000056/2023	LICENCIA DE OBRA PARA ACTIVIDADE A NOMBRE DE GAELA ROMEO VILLADONIGA (CLÍNICA PODOLÓXICA)
000057/2023	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 145/2022
000058/2023	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 145/2022, OCASO SA COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS SA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000059/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2023-6
000060/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O



	PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2023
000061/2023	CONTRATACIÓN TEMPORAL DE JOSEFA PIÑÓN PIÑÓN COMO AUXILIAR SAF EN SUBSTITUCION DE MARÍA SOL PICOS LÓPEZ POR BAIXA IT
000062/2023	APROBACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS
000063/2023	OPOSICIÓN AO RECURSO DE APELACIÓN INTERPOSTO NO PROCEDIMENTO PFE INCIDENTE DE EXECUCIÓN 0000001/2010 0002, DIMANANTE DO ETJ EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 0000001/2010
000064/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA
000065/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XANEIRO DE 2023
000066/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ELABORACIÓN DA SEGUNDA FASE DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE CEDEIRA
000067/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000068/2023	PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVO/A
000069/2023	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVO/A
000070/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 671/2022 DO 19.12.2022
000071/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-7
000072/2023	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS POR PROCESO SELECTIVO PARA ESTABILIZACIÓN DE PRAZAS NON CONVOCADO
000073/2023	DEVOLUCIÓN DE TAXAS DE INGRESO PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO NON DESENVOLVIDO
000074/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (PROTESE DENTAL)
000075/2023	SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES EN CALLE SILVA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA -PR486A
000076/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 29/2023 DO 26.01.2023
000077/2023	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2022/X999/000272 RECLAMACIÓN DE DANOS OCASIONADOS NUN BEN MUNICIPAL (REPOSICIÓN DE VIDRO E SUBSTITUCIÓN EN OBRA CON CAMIÓN GRÚA)
000078/2023	CONTRATACIÓN DE DONA SUSANA CEBREIRO PAZ COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA TERESA RODRÍGUEZ CHEDA POR BAIXA IT
000079/2023	APROBACIÓN DO CONVENIO CON AGADIC 2023 - SEMESTRE 1 E CONTRATACIÓN DAS CORRESPONDENTES ACTUACIÓNS
000080/2023	CONCESION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA.
000081/2023	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE CANEIRO Y LORENZO GESTION SL. SOLICITA: PODER VER EL PROYECTO DE OBRA CORRESPONDIENTE A ESTE EDIFICIO, EN ESPECIAL LO QUE SE REFIERE A LA EXTRACCION DE GASES DE LAS PLANTAS DE GARAJES (BAJO RASANTE), ACOMPAÑADO
000082/2023	NÓMINA FEBREIRO 2023
000083/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS 2023 -TU503D
000084/2023	RECARGA DAS TARXETAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO
000085/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2023 -



	PR483A
000086/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA LIDIA GALDO DÍAZ COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA MARÍA OLGA PÉREZ LAMIGUEIRO DE BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL
000087/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA DIONICIA AYDEE FLORES ESTROSAGA COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA CRISTINA GONZÁLEZ LOUREIRO DE BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL
000088/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 01.03.2023
000089/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2023- TR351F
000090/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DENTRO DA LIÑA APROL RURAL 2023 - TR351G
000091/2023	APROB. EXPTE. CONTRATACIÓN DE AGLOMERADO DE VIAL DESDE O BARRAL ATA A ESTRADA AC-566
000092/2023	ADXUDICACIÓN DA OBRA "SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS". POS+2022
000093/2023	ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO"
000094/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2023
000095/2023	ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORAS NA MOBILIDADE PEONIL E NA REDE DE DRENAXE NA RÚA REGUEIRO
000096/2023	APROBACION MODELO AUTOLIQUIDACIÓN TAXA OVP O.F. 3.1
000097/2023	RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA AO DECRETO NÚM. 94/2023 DE 02 DE MARZO POR OMISIÓN DA LIMITACIÓN NO ORZAMENTO A PRESENTAR E A CANTIDADE SOLICITADA NA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2023
000098/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA EXPOSICIÓN NA OFICINA DE TURISMO DE PEZAS DE INTERESE HISTORICO-ARTISTICO DE CEDEIRA
000099/2023	NOMEAMENTO DE DONA SILVIA FREIRE RICO COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVA, CÓDIGO 15022AD-05, ADSCRITA O DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN FINANCIERA.
000100/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-9
000101/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-10 SU ELECTRICO
000102/2023	APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-RESTAURANTE DO CENTRO SOCIO-CULTURAL
000103/2023	CONTESTACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR D ^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ, VOCEIRA DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NA DATA 04.03.2023
000104/2023	XUSTIFICACION DE AES CONCEDIDA NO DECRETO 536/2022 DO 05.10.2022
000105/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000106/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000107/2023	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO POR LIBRE CONCURRENCIA
000108/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO DAS FACTURAS F-2023-305 E 545 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS
000109/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2023-12
000110/2023	CONTRATO DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA: ACTUACIÓN DA ORQUESTA LOS PLAYERS
000111/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ALUGUER DE ESCENARIO E CARPA NA PRAZA ROXA



	DURANTE O ENTROIDO
000112/2023	SOLICITUDE DE COPIA DA LICENZA DE OBRA DA VIVENDA SITA EN LUGAR OUTEIRO (RÉGOA)
000113/2023	RECUSACIÓN AO TÉCNICO MUNICIPAL (EXPTE. 2023/U007/000002)
000114/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DA CLIMATIZACION EN CASA AVELINO
000115/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN SEG. E SAÚDE DE: "MELLORAS NA MOBILIDADE PEONIL E NA REDE DE DRENAXE DA RÚA REGUEIRO"
000116/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORD. SEG. E SAÚDE DE "SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS"
000117/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000028319 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000118/2023	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRABALLADOR SOCIAL DO ANO 2022-2023
000119/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-13
000120/2023	SOLICITUDE DE AXUDA PARA A "SUSTITUCIÓN DE CALDERAS DE GAS POR BIOMASA EN PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA" AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B
000121/2023	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2022
000122/2023	CONTRATACIÓN DE DONA PALOMA LÓPEZ LÓPEZ COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES
000123/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE RENOVACIÓN ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO
000124/2023	CONTRATO DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA. REPRESENTACIÓN TEATRAL NO AUDITORIO MUNICIPAL
000125/2023	MC 02 2023 IR AFECTADO INVERSIÓN 01 2023
000126/2023	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA SUBVENCIÓN TR351F RISGA 2018 / 53-1
000127/2023	CONSULTA DO EXPTE. DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL, SOLICITADO POR D. GORKA IGLESIAS ZABALA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE SOLUCIONES DECORATIVAS IBAIZABAL SL
000128/2023	CORRECCIÓN DE ERROS (EXPEDIENTE 2022/X999/000299)
000129/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-14
000130/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE FEBREIRO DE 2023
000131/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DO ASCENSOR E INSTALACIÓN DE LÍNEA TELEFÓNICA NO EDIFICIO "CASA AVELINO"
000132/2023	APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DE OBRA NÚMS. 2-3-4 DE "MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS". POS ADIC 2/2021
000133/2023	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVO/A
000134/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022
000135/2023	CONTRATACIÓN DE DONA SUSANA CEBREIRO PAZ COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA MARÍA YOLANDA PÉREZ COSTA POR BAIXA



	IT
000136/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000028252 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000137/2023	SOLICITUDE DE CÓMPUTO DE TRIENIOS DA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA VANESA TEJIDO SANTIAGO
000138/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2023-15
000139/2023	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2023.
000140/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 400 EXEMPLARES DO LIBRO "O PAZO DE MOSCOSO EN CEDEIRA. DATOS PARA A SÚA HISTORIA", DA AUTORÍA DE RAFAEL USERO
000141/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 400 EXEMPLARES DO LIBRO DE TEATRO "MARES DE CEDEIRA", DA AUTORÍA DE CARLOS LABRAÑA
000142/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS INSTALADOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS
000143/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MELLORAS NOS EQUIPOS DE PCI EXISTENTES E INSTALACIÓN DE NOVAS UNIDADES EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS
000144/2023	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 30.03.2023

O Pleno da Corporación queda enterado.

11. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia preguntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

12. ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. López Rodríguez di: Imaxino que tedes coñecemento do que pasou no local de maiores. Nós sabemos algo, pero das versións que nos foron contando, e como se trata dun local municipal si que nos gustaría saber o que pasou. Non nos parece lóxico que a xente maior estean solos. Non deben estar solos. Sei que, aínda que estivera alí outra persoa, pois podía pasar o mesmo, pero creo que non deben estar solos. A nós xa nos pasou na primeira vez, estando con Vergara. Creo que era Chelo a que estaba na cafetería e o deixara dunha maneira moi precipitada. Nós non os deixábamos solos. Daquela creo que eran Cristina e Tono que se turnaban para estar pola tarde, máis que nada por iso. É xente maior. Os maiores, ó final, é o que dicimos sempre, son coma nenos. Eu acórdome de estar alí, e se chegaba un e se sentaba a ler o periódico onde outro sempre xoga a partida, pois xa podía haber follón. Despois xogando as partidas tamén. Porque falan moito e se quentan moito. Entón a min o que me contaron do outro día, que son versións que me chegaron, gustaríame escoitar a vosa xa que é un centro municipal. Pero paréceme grave xa que, aínda que dentro do malo non foi nada, puido haber un mal golpe ou calquera cousa. É un centro municipal e de maiores e penso que debería de haber alguén alí. Se se ten que abrir menos horas pois ó mellor hai que plantexalo, pero esas horas que estén pois que haxa unha persoa.

O Sr. Alcalde di: Enténdote perfectamente. Non sei se, Luis, estades enterados do que pasou. Para poñervos un pouco na onda do que falou Manoli.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non.



O Sr. Alcalde di: O tema é que o outro día, xogando ás cartas, houbo uns enfados e dúas persoas peleáronse. A partir de aí é o que está falando Manoli. Creo que coincido en todo o que estás dicindo. Creo que igual nos temos que replantexar o local de maiores. Me refiro a que non sexa só como cafetería. Plantexalo tamén como o Centro de Ocio Xuvenil no que a forma de que funcionara foi a través dunha persoa que dinamizaba e que lles poña respecto ós chicos e chicas que están alí todos os días. Entón igual é un formato que nos temos que plantexar. Ter unha persoa alí que esté atendendo e todo iso, pero non só dende o punto de vista de cafetería en si. Eu chamei a dúas persoas, pero me pasa un pouco coma a ti. Son versións. Eu falei cunha das familias das persoas coas que pasou, falo cunha neta, e foron ó centro de saúde porque tiña un golpe. E preguntábanme o que faría eu. E díxenlle que iso non se pode permitir. Chegar a un insulto é feo. Chegar a unha labazada é moi feo. Pero chegar a pelearse e que haxa un puñetazo polo medio é algo que non se pode permitir de ningunha maneira. Hasta aí foi o que a min me dixeron e a versión que eu teño por un lado coincido moito con esta. Esa foi a conversa que tivemos. A partir de aí é cando nos xurde a dúbida de si estaremos facendo ben ter ós nosos maiores no auditorio dende o punto de vista de cafetería ou teremos que dirixilo máis hacia un centro dinamizador para eles. Un tema destes igual leva a que este plantexamento sexa a mellor forma. Igual é mellor ter dúas máquinas de café e non dar comidas. Ou se un día se quere organizar algo para eles pois se contrata un catering ou se fai outra cousa. Pero eu son partidario de eliminar o concepto de cafetería e me iría ó de dinamización. Que tampouco é fácil.

A Sra. López Rodríguez di: Son adultos que non se van a deixar guiar por un neno nin lles vai a gustar que ninguén lles vaia a dicir nin o que teñen que facer nin o que non. Eu creo que, o que dis ti, se cando comezaron con palabras hai alí unha persoa que os frena un pouco ou que poida poñer un pouco de orde, ó mellor non se chega a tanto. Tamén é verdade que teñen que suceder estas cousas para que nos demos conta de ata onde poden chegar. Eu estiven alí moito tempo e os vin discutir, pero nunca pensei que fora para iso.

O Sr. Alcalde di: Por unha partida ás cartas.

A Sra. López Rodríguez di: Si. Por un empate. Agora porque quedou todo nunha anécdota, pero co golpe poderíamos ter un desgusto. E hai que darlle unha volta ó tema da xente maior. Non pode estar sola.

O Sr. Alcalde di: Da pena que teña que acontecer algo así para darte conta de que non estás coa idea idónea e tes que cambiala. Ata agora non estaba pensando nisto.

A Sra. López Rodríguez di: Podes pensar que poden discutir, pero nunca chegar a iso. Eu escoitei a versión da primeira persoa que me o contou e despois tamén preguntamos un pouco por outro lado. Nunca debe de chegar a levantar a man. Hai que pensar que é xente maior e ó mellor váiseche a cabeza e se tiveramos a alguén alí poñendo un pouquiño de orde...Pero bueno, de todo se aprende.

O Sr. Alcalde di: Grazas Manoli. Luis?

O Sr. Rubido Ramonde di: Non hai moito máis que engadir ó que faláchedes. Sabedes que ese non era o noso modelo. Que tiñamos outro. Para min, aínda que se insista no que xa había antes, retomar ó modelo anterior, cando gobernábamos nós. Vai a haber sempre unha incompatibilidade entre quen xestiona a cafetería, o adxudicatario, que lle interesa que consuman. O ideal é que as persoas maiores vaian alí sen ningunha presión de consumir, nin que sexan mal mirados porque non



consumen. E, por suposto, sempre ten que haber algunha persoa que, de algunha maneira, estea atendendo continuamente a cambio de nada. A nosa postura sempre foi moi clara.

O Sr. Alcalde di: Estou de acordo no que acabas de dicir. Eu creo que nin era como igual na xestión de mandatos anteriores, nin coma nesta da cafetería. Eu creo que nos deberíamos ir máis a unha dinamización sociocultural do propio local. Que poida haber as máquinas e outro tipo de cousas. Pero que eles tamén poidan facer autoxestión en moitas cousas, o que tamén lles vai vir de forma positiva. Buscar ese formato creo que é o máis importante. Luis, algo máis?

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu quería saber quen formou parte da Mesa de Contratación do Pazo de Moscoso? Cal dos técnicos? O arquitecto superior ou o arquitecto técnico?

O Sr. Alcalde di: Pois non o sei. Teríamos que consultar as actas.

O Sr. Rubido Ramonde di: E que nas actas non figura. Polo menos nas que nos chegaron a nós.

O Sr. Alcalde di: Vai contestar a Secretaria.

A Sra. Secretaria di: Se consultáchedes as actas e non figuran será porque non estiveron presentes na Mesa.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non figura por quen está formada.

A Sra. Secretaria di: Cómo por quen está formada? É unha Mesa de Contratación Permanente.

O Sr. Alcalde di: A Mesa de Contratación Permanente está aprobada en Pleno. Sempre ten que ser a mesma. Outra cousa é que igual non estivera algún presente nesa Mesa. É igual que a Xunta de Goberno Local, a Comisión Informativa...ben o sabes.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nada máis.

O Sr. Alcalde di: Eu vou aproveitar este Pleno, por se non hai outro antes das eleccións e quérome adiantar, e falar de todos os compañeiros que van na nosa lista e se prevé que non van en postos de saída, quero agradecerlles todo o traballo que levan feito durante estes anos e todo o compromiso, en nome de todas as veciñas e veciños de Cedeira. Por parte miña pedir desculpas se nalgún momento se sentiron ofendidos ou se lles puideron fallar en algo. Ó final na vida sempre vas aprendendo. Cada día aprendes cousas novas e te vas con ese cariño de quedarte coas cousas positivas. Porque ó final todos os que decidimos dar un paso á política municipal facémolo para poder axudar ós demais. E con todos vós, cos que esteñan e cos que non estén, gardaremos ese cariño e ese trato para sempre. Igual que pasaba no campo de fútbol, as cousas quedan no campo. Por exemplo, Manolo, que son catro mandatos. Tres mandatos gobernando e un na oposición. Son moitos anos e valoro moito todo ese traballo que fixo durante tanto tempo. Creo que foi a persoa coa que máis discutín de toda Cedeira e de toda Galicia nestes últimos oito anos, pero tamén lle quero agradecer todo iso. Manolo, agradezo todo ese compromiso que tiveches e penso que fuches unha persoa moi responsable. De verdade que tes este espazo aquí gardado e que contes con nosoutros para o que che faga falta e que te botaremos de menos. Grazas a todos de corazón por compartir tantos momentos. E sobre todo neste mandato que foron tan difíciles polo tema da pandemia. Pero quédome con ese cariño de todos vós e grazas por todo o que aportáchedes a



Cedeira porque este traballo é o máis bonito do mundo; poder contribuir ó benestar dos teus veciños. Alguén quere dicir algo máis?

A Sra. López Rodríguez di: Eu pola parte do BNG, pola parte que nos toca, en relación a Manolo, eu aínda lle dicía antes que empecei con el e nunca fun de discutir con el, nin moito menos. Aprendimos moito de el e foi un pracer. Vémonos por Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Luis, queres dicir algo? Ou calquera das Concelleiras ou Concelleiros, podedes.

O Sr. Rubido Ramonde di: Reproduzo todo o bo que dixeches.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:15 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA

ANA VELO RUIZ